



concello de neda

BASES DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA NO CAMIÑO **CONCELLO DE NEDA**

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O Concello de Neda regula mediante o presente documento a organización da III Feira No Camiño 2018, que persegue coa súa realización fomentar a participación cidadá, e dinamizar socioeconómicamente o municipio.

2. UBICACIÓN DA FEIRA

A feira terá lugar no casco histórico, principalmente na Rúa Real.

Fora dos emprazamentos marcados pola organización queda prohibida a presenza de postos.

3. DATA E HORARIOS

3.1. DATA

A realización do evento terá lugar o sábado 9 e domingo 10 de Xuño

3.2. HORARIOS

O horario da feira será de 11:00 horas a 14:00 e de 17:00 a 22:00

Os horarios de apertura deberán ser cumpridos con puntualidade, podendo ser ampliados os horarios de peche en función de necesidade ou afluencia de xente.

4. PRODUTOS PARA A VENDA

Poderá solicitarse a participación na Feira:

ALIMENTACIÓN: Aqueles postos que vendan comida ou bebida.

ARTESANÍA: Venda de produtos manufacturados polo/a propio/a vendedor/a, mediante proceso artesanal

COMERCIO: Venda de produtos preparados para a súa venda mediante procesos industriais ou semi industriais, ou produtos de artesanía en sistema de re-venda.

Darase prioridade aos produtos artesanais sobre os de re-venda.

5. COTA DE PARTICIPACIÓN

Co fin de garantir a asistencia, as perosas participantes deberán ingresar, a modo de fianza, a cantidade de 30 € na seguinte conta bancaria do Concello:

ES84 2080 0216 9931 10000012.

Esta fianza será devolta no número de conta que cada participante sinala na folla de inscrición, unha vez finalizado o evento e comprobado o cumprimento da normativa e os seus deberes, reflexados nestas bases, sobre todo no que respecta á conservación e limpeza do espazo público ocupado durante o mesmo.

6. INSCRICIÓN

6.1. PRAZO

Para poder participar na Feira ábrese un prazo de inscrición que rematará o día 25 de maio ou no momento que se cubran todas as prazas ofertadas.

6.2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O modelo de solicitude preciso para participar na Feira, así como as bases, estará exposto na páxina do Concello de Neda, tamén poderá recollerse en persoa nas dependencias municipais e na Casa da Cultura, unha vez cuberta a mesma deberá ser enviada por correo electrónico á dirección: cultura@neda.es

En caso dalgunha dúbida ou no caso de que xente interesada en participar non teña medios informáticos para enviar a solicitude por correo, poderá ser entregada en persoa, na Casa da Cultura do Concello de Neda.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora de prazo ou realizadas de forma diferente á designada.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación íntegra do presente regulamento.

6.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As persoas interesadas en participar deberán enviar por correo electrónico a seguinte documentación:

- Ficha de participación, debidamente cumprimentada. (Documento Anexo)
- Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- Fotografía recente da parada, dos produtos a vender.
- Declaración conforme o titular da solicitude ten realizado o pagamento do Seguro de Responsabilidade Civil. A organización poderá solicitar o xustificante de pagamento do mesmo durante o evento. No caso de non presentalo verase obrigado a desmontar e abandonar a Feira.
- Xustificante bancario do pago da fianza.

Documentación específica:

Postos de alimentación:

- Copia do Carnet de Manipulador de Alimentos

6.4. ACEPTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de participación que cumpran cos requisitos nomeados nos anteriores apartados serán resoltas con carácter inapelable pola organización.

A organización comunicará a cada participante seleccionado a súa participación no evento a través do correo electrónico.

No caso de renuncia deberá informarse a organización na maior brevidade posible para poder ocupar o seu posto por outro/a interesado/a.

7. CRITERIOS DE UBICACIÓN

A ubicación e distribución dos postos será competencia exclusiva da organización, axustándose aos espazos establecidos.

8. DEBERES DOS/AS PARTICIPANTES

- Os/as participantes só poderán ter nos seus postos os produtos permitidos para a venda, reflectidos nestas bases, no caso de non cumprir con estas normas a organización poderá obrigar a retirar ditos produtos.

- Terán a obrigaón de manter o espazo limpo e recoller todos os desperdicios xerados polo seu posto.

- Os/as participantes terán que levar eles as mesas e soportes necesarios para expor a súa mercancía.

- A montaxe dos postos comezará ás 8:00 horas do sábado, non podendo estar ningún vehículo no recinto no horario de apertura. Tamén existirá a posibilidade da montaxe dos postos o Venres día 8 pola tarde.

Así mesmo non se poderán recoller os postos antes da finalización do horario acordado.

- Correrán a cargo dos vendedores e vendedoras os gastos de traslado, carga e descarga da mercancía, así como o a responsabilidade da mesma e os danos que esta puidera sufrir.

- Os vendedores/ as deberán cumprir coas normas autonómicas e estatais que lles sexan de aplicación.

- A iluminación será obrigatoriamente con bombillas de baixo consumo e deberán estar protexidas por interruptor magnetotérmico.

9. DEBERES E OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN

-Será responsabilidade do Concello de Neda a contratación do servizo para a vixilancia do recinto durante ás horas de peche nocturno.

-A publicidade e difusión do evento

-A decoración e ambientación da feira, mediante a contratación de actividades que amenicen a feira.

Más información no tl: 981 39 02 33 /49 cultura@neda.es